

incorporou ao dereito interno a Directiva 1999/21/CE, da Comisión, do 25 de marzo de 1999, que establece os requisitos de composición e etiquetaxe que teñen que satisfacer esta categoría de produtos.

No anexo do devandito real decreto establécese a composición esencial dos alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais, e recóllense as especificacións relativas aos preparados para lactantes e preparados de continuación.

En particular, os números 1 a 4 do citado anexo establecen que os alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais elaborados especificamente para lactantes conterán as vitaminas e os minerais enumerados no cadro 1 e cumprirán as disposicións relativas a outros nutrientes que sexan de aplicación para este tipo de produtos.

Por outra banda, a Comisión Europea adoptou recentemente a Directiva 2006/141/CE, do 22 de decembro de 2006, relativa aos preparados para lactantes e preparados de continuación e pola que se modifica a Directiva 1999/21/CE, para ter en conta o estado actual dos coñecementos sobre a composición dos preparados para lactantes e preparados de continuación e, entre eles, as novas recomendacións científicas sobre os niveis de manganeso nos alimentos destinados aos lactantes. Esta directiva foi incorporada ao noso ordenamento xurídico mediante o Real decreto 867/2008, do 23 de maio, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria específica dos preparados para lactantes e dos preparados de continuación, agás na regulación no seu artigo 16 dos citados niveis de manganeso.

Procede, polo tanto, modificar a referencia que aparece no punto 4 do anexo do Real decreto 1091/2000, do 9 de xuño, así como os niveis de manganeso en alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais nutricionalmente completos destinados a lactantes que figuran no cadro 1, para adaptalo á normativa europea.

Na tramitación desta disposición foron oídos os sectores afectados, consultadas as comunidades autónomas e emitiu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Esta orde dítase en uso das facultades atribuídas na disposición derradeira segunda do Real decreto 1091/2000, do 9 de xuño.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo do Real decreto 1091/2000, do 9 de xuño, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria específica dos alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais.*

O anexo do Real decreto 1091/2000, do 9 de xuño, polo que se aproba a Regulamentación técnico-sanitaria específica dos alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais, queda modificado como segue:

Un. O punto 4 queda redactado do seguinte modo:

«4. Sen prexuízo dos requisitos ditados polo seu uso previsto, os alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais elaborados especificamente para lactantes cumprirán as disposicións relativas a outros nutrientes que son de aplicación para os preparados para lactantes e preparados de continuación, segundo o caso, establecidos no Real decreto 867/2008, do 23 de maio, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria específica dos preparados para lactantes e dos preparados de continuación».

Dous. No cadro 1, sobre contido en vitaminas, minerais e oligoelementos nos alimentos nutricionalmente completos destinados a lactantes, a fila relativa ao manganeso da segunda parte do cadro, sobre minerais, substitúese polo texto seguinte:

Manganeso (µg)	0,25	25	1	100
----------------	------	----	---	-----

Disposición transitoria única. *Prórroga de comercialización.*

Os alimentos dietéticos para usos medicinais especiais destinados a lactantes, que non se axusten ao establecido nesta orde pero que cumpran o disposto na normativa vixente na data da súa entrada en vigor, poderán ser comercializados ata o 1 de xaneiro de 2012.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español o artigo 16 da Directiva 2006/141/CE, do 22 de decembro de 2006, relativa aos preparados para lactantes e preparados de continuación.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 6 de xuño de 2008.—O ministro de Sanidade e Consumo, Bernat Soria Escoms.

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

10637 *ORDE EHA/1796/2008, do 19 de xuño, pola que se modifica a Orde EHA/672/2007, do 13 de marzo, pola que se aproban os modelos 130 e 131 para a autoliquidación dos pagamentos fraccionados á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondentes, respectivamente, a actividades económicas en estimación directa e a actividades económicas en estimación obxectiva, o modelo 310 de declaración ordinaria para a autoliquidación do réxime simplificado do imposto sobre o valor engadido, se determinan o lugar e a forma de presentación destes e se modifica en materia de domiciliación bancaria a Orde EHA/3398/2006, do 26 de outubro. («BOE» 152, do 24-6-2008.)*

O Real decreto lei 2/2008, do 21 de abril, de medidas de impulso á actividade económica, incorporou un novo beneficio fiscal no ámbito do imposto sobre a renda das persoas físicas, consistente nunha dedución da cota líquida do imposto de até 400 euros anuais, aplicable aos contribuíntes que obteñan rendementos do traballo ou de actividades económicas. Para tal efecto, a citada norma engadiu un artigo 80 bis á Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, no cal se regula a nova dedución.

Coa finalidade de que os beneficiarios desta nova dedución poidan anticipar os resultados da súa aplicación

minorando o importe dos seus pagamentos á conta, o Real decreto 861/2008, do 23 de maio, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas en materia de pagamentos á conta sobre os rendementos do traballo e de actividades económicas, levou a cabo as modificacións necesarias no Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo.

Polo que se refire á determinación do importe dos pagamentos fraccionados que deben realizar trimestralmente os contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas que obteñan rendementos derivados do exercicio de actividades económicas, a nova redacción do artigo 110 do citado regulamento establece na letra c) do seu punto 3 que o importe obtido de dividir entre catro a contía da dedución prevista no artigo 80 bis da Lei do imposto se poderá deducir do pagamento fraccionado trimestral que resulte da aplicación do disposto nos números 1 e 2 e nas letras a) e b) do punto 3 dese mesmo artigo.

A parte desta dedución non aplicada no trimestre por non o permitir o importe positivo do pagamento fraccionado determinado conforme o anteriormente comentado poderase deducir en calquera dos pagamentos fraccionados correspondentes ao mesmo período impositivo cuxo importe positivo o permita e até o límite máximo de tal importe.

Sen prexuízo do anterior, a disposición transitoria segunda do Real decreto 861/2008, do 23 de maio, establece que, para o pagamento fraccionado que se deba realizar correspondente ao segundo trimestre do período impositivo 2008, o importe que se deducirá será de 200 euros.

Como consecuencia da nova regulación da determinación do importe dos pagamentos fraccionados, débese proceder á modificación dos modelos 130 e 131 para a autoliquidación dos pagamentos fraccionados á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondentes, respectivamente, a actividades económicas en estimación directa e a actividades económicas en estimación obxectiva, con obxecto de incorporar a estes a nova dedución e, no caso do modelo 130, para habilitar o mecanismo que permita deducir nos seguintes trimestres do mesmo período impositivo a parte da dedución non aplicada nos anteriores.

Para tal efecto, esta orde limítase a aprobar novos modelos 130 e 131 que substitúan os aprobados nos anexos I e II da Orde EHA/672/2007, do 19 de marzo, pola que se aproban os modelos 130 e 131 para a autoliquidación dos pagamentos fraccionados á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondentes, respectivamente, a actividades económicas en estimación directa e a actividades económicas en estimación obxectiva, o modelo 310 de declaración ordinaria para a autoliquidación do réxime simplificado do imposto sobre o valor engadido, se determinan o lugar e a forma de presentación destes e se modifica en materia de domiciliación bancaria a Orde EHA/3398/2006, do 26 de outubro, manténdose a plena vixencia do resto do seu contido. Todo isto en virtude do disposto no artigo 111.3 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, que dispón que a declaración dos pagamentos fraccionados se axustará ás condicións e requisitos e o ingreso se realizará na forma e no lugar que determine o ministro de Economía e Facenda.

Por outra parte, co propósito de estender aos modelos 130, 131 e 310 en impreso dos que non resulte cantidade para ingresar a dispensa de achegar fotocopia do documento acreditativo do número de identificación fiscal (NIF) cando a presentación de tales declaracións se realice persoalmente nas oficinas da Axencia Estatal de Administración Tributaria, dispensa xa establecida anteriormente no artigo 11.1 da Orde EHA/481/2008, do 26 de febreiro, para a presentación, en determinados supostos,

das declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre o patrimonio do exercicio 2007, nesta orde dáselle nova redacción ao artigo 9 da citada Orde EHA/672/2007, do 19 de marzo.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde EHA/672/2007, do 19 de marzo, pola que se aproban os modelos 130 e 131 para a autoliquidación dos pagamentos fraccionados á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondentes, respectivamente, a actividades económicas en estimación directa e a actividades económicas en estimación obxectiva, o modelo 310 de declaración ordinaria para a autoliquidación do réxime simplificado do imposto sobre o valor engadido, se determinan o lugar e a forma de presentación destes e se modifica en materia de domiciliación bancaria a Orde EHA/3398/2006, do 26 de outubro.*

1. Modificación dos anexos I e II.—O modelo 130 «Imposto sobre a renda das persoas físicas. Actividades económicas en estimación directa. Pagamento fraccionado. Declaración» e o modelo 131 «Imposto sobre a renda das persoas físicas. Actividades económicas en estimación obxectiva. Pagamento fraccionado. Declaración», aprobados, respectivamente, nos anexos I e II da Orde EHA/672/2007, do 19 de marzo, quedarán substituídos polos modelos 130 e 131 que se reproducen nos anexos I e II, respectivamente, desta orde.

2. Modificación do artigo 9.—A partir da entrada en vigor desta orde, o artigo 9 da Orde EHA/672/2007, do 19 de marzo, quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 9. *Lugar de presentación e ingreso dos modelos 130, 131 e 310 en impreso.*

Se da declaración formulada nos modelos 130, 131 e 310 en impreso resulta unha cantidade para ingresar no Tesouro Público, a presentación e ingreso poderase realizar en calquera entidade de depósito sita en territorio español que actúe como colaboradora na xestión recadatoria (bancos, caixas de aforro ou cooperativas de crédito) para o cal será necesario que a declaración leve adheridas as etiquetas identificativas elaboradas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Se da declaración non resultase cantidade para ingresar, deberase presentar directamente en calquera Delegación ou Administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria, ou ben mediante envío por correo certificado dirixido á Delegación ou Administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ao domicilio fiscal do declarante, xuntándolle á declaración fotocopia acreditativa do número de identificación fiscal (NIF) se esta non leva adheridas as correspondentes etiquetas identificativas, salvo que a presentación se realice persoalmente nunha oficina da Axencia Estatal de Administración Tributaria, caso en que non será preciso xuntar esa fotocopia.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e producirá efectos respecto da presentación das declaracións formuladas nos modelos 130, 131 e 310 que correspondan ao segundo trimestre do exercicio 2008 e seguintes.

Madrid, 19 de xuño de 2008.—O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

(Os modelos a que se refire esta orde poden consultarse, en castelán, no BOE núm. 152, do 24 de xuño de 2008.)